

Don Enrique Ballina Médico dos Pobres

César Enrique González De la Ballina Casalderrey

César Enrique López de la Ballina naceu o 10 de xullo de 1869 na parroquia de Lérez, en Pontevedra.

Cursou os estudos correspondentes á carreira de Medicina na Facultade de Santiago de Compostela, finalizándoa o 16 de xuño de 1894 coa cualificación de sobresaínte, cuxo título se lle expide o 14 de xullo do mesmo ano. Coléxiase no Colexio Médico de Pontevedra, asignándoselle o número 33.

Desde este momento comeza o exercicio da súa profesión na parroquia de Lérez e, o 17 de febreiro de 1898, o alcalde-presidente do Excelentísimo Concello de Pontevedra, por acordo da Xunta Municipal, *en atención ós méritos e servizos de D. César Enrique López de la Ballina, desígnao Médico Titular de Asistencia Pública Domiciliaria do distrito de Alba deste municipio co haber de novecentas noventa e oito pesetas anuais.*

Durante corenta anos dedicou a súa vida ó servizo dos pacientes, renunciando a todas as fortunas e incluso á honra académica ó ser chamado polo profesor Varela Radío para traballar xunto a el na súa cátedra da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela, escollendo o duro camiño de *médico dos pobres* ós que non só abriu o seu consultorio, senón tamén a súa propia casa, sendo por iso coñecido entre os seus veciños como *D. Enrique o pai dos pobres.*

Moitas foron as virtudes que atesouraba D. Enrique que, ademais de médico, foi un incansable investigador, membro da Sociedade Arqueolóxica. *Patrono Fundador do Museo de Pontevedra,*



traballador infatigable, soubo facer da súa profesión unha verdadeira vocación, coidando co mesmo cariño e interese os pobres que viron nel un gran amigo, que os ricos.

O seu recordo segue a encher os camiños de Lérez que el tanto amou e para o que viviu con total entrega. Vive aínda a impresión nobre a afable que D. Enrique causaba montado no seu "birlocho", a renda en mans do seu criado, camiño da cidade, ou transitando camiños e corredoiras do rural, para levar saúde ó enfermo e alivio ó necesitado, deixando no só o seu saber e bo facer á cabeceira do doente, senón tamén unha axuda económica debaixo do cabezal dos indixentes para que puidesen mercar as medicinas que lle aliviarían os seus males.

Foi presidente do Ilustre Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Pontevedra desde o 12 de novembro de 1917 ata o 17 de setembro de 1919.

Do seu paso pola vida quedan aínda lembranzas de recoñecemento público á súa dedicación asistencial, como significa o seu nomeamento de Médico de Honra da Beneficiencia Municipal no ano 1937.

Falece o 14 de novembro de 1938 e, no arquivo parroquial, na páxina 51 do libro IV de defuntos da parroquia de Lérez, despois da inscrición dos datos do finado, figura unha anotación do crego da parroquia, D. Leandro del Río Carnota, que di: *"Por excepción, el párroco que suscribe ha de hacer notar las características de este feligrés."*

Era el señor Ballina médico titular, cargo que ejerció durante 40 años. Caballeroso, noble, excelente cristiano, sensible en extremo al dolor ajeno, puso todo su amor y celo en la asistencia a los pobres, prefiriéndolos en todo momento a los pudientes. Como que en épocas de epidemia se negaba en absoluto a atender a estos, ya que podían pagar los servicios de otro médico, si entre tanto tenía que visitar a los menesterosos. Los ingresos que obtenía por su cargo los empleaba en su mayor parte en aliviar la situación de los enfermos necesitados. Ni el frío, ni cualquier inclemencia del tiempo, ni sus propias dolencias, ni su cansancio fueron obstáculo para impedirle el cumplimiento de sus deberes"

O 2 de novembro de 1940 tributóuselle unha homenaxe póstuma, bendicíndose no



cemiterio de Lérez un mausoleo erixido para D. Enrique, financiado con aportacións de compañeiros, Deputación Provincial, Concello de Pontevedra e veciños de diferentes lugares de Lérez.

Este monumento está situado na rúa central do cemiterio, pero non no fondo senón máis ben ó comezo da mesma, onde dalgunha forma obstaculiza en parte o paso dos cadaleitos á zona posterior do camposanto. A causa de situalo neste lugar e non ó final da rúa, foi decisión do párroco, para evitar que os fregueses da parroquia se esquecesen algún día de D. Enrique e para que as xeracións vindeiras, cada vez que acompañasen a un defunto ó cemiterio, non tivesen máis remedio que recordar ó benfeitor, ó atoparse inevitablemente co sartego diante dos seus ollos.

A lembranza de D. Enrique López de la Ballina ademais de quedar simbolizada no monumento que se alza no centro do cemiterio da Lérez, está presente na rúa onde viviu e practicou a medicina e o ben, hoxe Avenida do Médico Ballina, por decisión tomada polo Concello de Pontevedra, coincidindo co 25 cabodano do seu pasamento. Deste xeito, as xeración presentes e futuras lerán o nome deste filántropo, como homenaxe dun pobo que sabe ser agradecido a aqueles que, como D. Enrique, honran a Lérez e toda a súa zona.

Cando o saber e a ciencia se poñen ó servizo da humanidade; cando a profesión se toma como un servizo á comunidade e a vocación impulsa ó home á realización de actos meritorios, é cando debe valorarse en toda a súa extensión, a probable virtude de quen supedita a súa actuación profesional á consecución do ben común. Nesta exemplar liña de conduta atópase a actuación benemérita do que en vida foi Médico da Beneficiencia do distrito de Lérez durante corenta anos, o doutor D. Enrique López de la Ballina.